

RECORDO A MAN

Non sei se o recordaredes; Manfred era aquel home chegado de Alemaña no ano 1961, e que dende a súa chegada vivía no porto da localidade de Camelle. Quizais se vos digo iso só, aínda non saibades quen é; pero se vos digo que foi a primeira vítima do Prestige. Se ademais dos centos de peixes, e aves mortas; tamén morreu un home, ese home morreu de pena; e ese home era Manfred.

Eu non o esquezo, porque non se pode esquecer; e ademais porque era un home que valía moito. Vivía a súa vida como un ermitán, e así era feliz; recollía aquelas cousas que o mar lle ía dando, e usábaas (parece mentira que ata el reciclase, e nós non sexamos capaces) ¿para que as usaba? pois usábaas para facer arte; si, facía verdadeiras obras de arte, esculturas, que todos deberíamos coñecer, que se deberían de lembrar por encima de todos os tempos.

Vivía feliz e contento, ata que un día chegou unha sombra negra á súa vida; esa sombra cubriu toda a súa vida; aquelas cousas que el mesmo fixo coas súas mans, quedaron na sombra. Esa sombra feriu moito, fíxolle moito dano; un dano irreparable.

Viviou uns días con esa penumbra, pero na súa cara, e na súa mirada levaba a tristeza da traxedia. Coa cabeza baixa, só pensaba na espantosa sombra; e a súa alma berraba por dentro, berraba porque xa non podía

con esa dor tan grande; non podía ver que esa sombra non se ía, que se aferraba á arte. A súa ferida fíxose máis e máis grande, e aínda que berrase medraba cada vez máis; e foi entón cando xa non puido loitar máis, e a súa alma desvanecese do seu corpo. Deixouno para sempre, e foise para non ver a sombra; foise cara unha luz; e dende entón a súa alma reside na espuma das ondas que veñen a romper na praia.

Agora goza da luz mergullándose unha e outra vez debaixo da area, mesturado coa auga. Dende alí axúdanos a superar esa dor que nos deixou o Prestige; unha dor que xamais esqueceremos; unha dor que permitiu pintar o mar, e que nos arrebatou a Manfred.

Por iso debemos de memoralo sempre; para que ninguén se esqueza de que o Prestige, danou os nosos corazóns, do mesmo xeito que Manfred.

Por iso doulle moitas grazas ao grupo musical LA SONRISA DE JULIA, porque eles dedícanlle unha canción ao noso querido e por sempre lembrado Manfred; e nela relatan á perfección a dor del, e como quedou a mar con esa catástrofe. Esa canción chámase MARESCULTURA e todos deberíamos escoitala, e tela entre unha das cancións da nosa historia.

Para rematar soamente quero lembrar a MAN como un dos mellores artistas, xa que el si que de verdade sabía o que era a arte, el si que coñecía á perfección o concepto de arte; coñecía ata tal punto que ver como a súa arte quedaba destruída levouno á morte.

Onde queira que esteas, Manfred Gnadinger (MAN), lembráremoste sempre como o que fuches; un verdadeiro artista.

ANA VILLAMOR BANDE

